

CMUS Profesional de Viveiro



CONCELLO DE VIVEIRO

Conservatorio Profesional
de Música de Viveiro



PROGRAMACIÓN

MÚSICA TRADICIONAL

ÍNDICE

INTRODUCCIÓN.....	3
1. METODOLOXÍA.....	4
1.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS	4
1.2. MÉTODOS DIDÁCTICOS	4
2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	6
3. TEMAS TRANSVERSAIS	7
3.1. EDUCACIÓN EN VALORES	7
3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S).....	8
4. ACTIVIDADES CULTURAI E DE PROMOCIÓN DAS ENSEANZAS	9
5. SECUENCIACIÓN DO CURSO.....	10
5.1. ► CURSO: 6º DE GRAO ELEMENTAL.....	10
5.1.1. <i>Obxectivos</i>	10
5.1.2. <i>Contidos</i>	10
5.1.3. <i>Avaliación</i>	11
5.1.4. <i>Medidas de recuperación</i>	12
5.1.5. <i>Recursos didácticos</i>	13
6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	14
7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO	15

INTRODUCCIÓN

As ensinanzas artísticas reguladas pola Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, ten por finalidade promocionalle ao alumnado unha formación artística de calidade, así como a de garantir a cualificación dos futuros profesionais da música.

A Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, no seu artigo 6.2 atribúe ao Goberno fixar as ensinanzas mínimas, que constitúen os aspectos básicos do currículo, co fin de garantir unha formación común a todos os alumnos e a validez dos títulos correspondentes. Así mesmo, o artigo 6.4 determina que as administracións educativas competentes establecerán o currículo das distintas ensinanzas reguladas pola mesma, que deberá incluír os aspectos básicos relativos aos obxectivos, contidos e criterios de avaliación que constitúen as ensinanzas mínimas.

O Real Decreto 1577/2006, do 22 de decembro, fixa os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas pola LOE.

O Decreto 198/2007, do 27 de setembro, establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, e o seu currículo para o ámbito de competencia da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música é promover a autonomía do alumnado para que a súa capacidade de expresión musical adquira a calidade artística necesaria que permita acceder ao grao profesional.

O Decreto 203/2007, do 27 de setembro, establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música na Comunidade Autónoma de Galicia. Neste decreto establécese que a finalidade das ensinanzas profesionais de música é a de proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais da música, e ordénase en catro funcións básicas: formativa, orientadora, profesionalizadora e preparatoria para estudos posteriores.

A presente programación da concreción aos anteriores decretos a nivel de centro, e será o documento polo que se desenvolvan os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste departamento.

1. METODOLOXÍA

Pola propia natureza da ensinanza de Música tradicional o método que empregaremos será o da autoaprendizaxe guiada, no cal o profesor orientará e motivará ao alumnado en cada clase para a busca, procesamento e aplicación da información necesaria, así como a aprendizaxe por proxectos, xa que estes coñecementos adquiridos poranse en práctica nas metas ou proxectos establecidos, desde a preparación de obras e estudos ata un programa de concerto. Para dar resposta a todo o anterior, e de xeito xeral, as estratexias metodolóxicas adaptaranse á madurez do alumnado e aos factores contextuais da clase, como poden ser o tempo disponible e os espazos e recursos cos que se conte.

1.1. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

Os principios metodolóxicos que rexirán a elaboración desta programación didáctica dotándoa de coherencia e sentido serán:

- **Actividade:** o carácter teórico-práctico da materia de Música tradicional require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndolas ten que ir implícito na nosa ensinanza.
- **Autonomía:** cada alumno/a orientarase, ensinándolle a traballar dun xeito independente e tamén a tomar decisións por si mesmo.
- **Creatividade:** como se trata dunha ensinanza artística, toda actividade que realicemos estimulará o pensamento e aimaxinación, intentando conseguir que os alumnos non repitan soamente o que decimos e pedimos.
- **Individualización:** En cada clase teremos moi en conta a dimensión persoal e afectivo-social de cada un dos alumnos ou alumnas.
- **Flexibilidade e diversidade das estratexias didácticas:** para conseguir os obxectivos propostos, realizaremos as adecuacións que fosen precisas na temporarización dos contidos.
- **Convivencia:** fomentaremos o traballo en equipo en un clima de cordialidade e respecto ente o alumnado.
- **Significación:** esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprendemos como algo que será útil en calquera outra situación, e que terá aplicacións reais.
- **Interdisciplinariade:** buscaremos relacionar os contidos da nosa materia cos das outras materias do currículo que cursa o noso alumnado para dotalos dunha maior significación.

1.2. MÉTODOS DIDÁCTICOS

A hora de decidir os métodos para esta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes enfoques:

- **Modelo constructivista:** tomando como idea principal que o coñecemento é unha construción persoal na que o/a alumno/a elabora significados propios a partir duns coñecementos previos, a través dunha actividade intelectual e práctica.
- **Aprendizaxe significativa:** este modelo de aprendizaxe está moi relacionado co constructivista, xa que a adquisición de coñecemento polo alumno realízase construindo sobre os seus propios esquemas, así como, sumando información sobre a que xa ten, e que lle será útil para aplicar noutras situacións.

Para que esto chegue a producirse, debemos ter en conta o seguinte ao longo de toda actividade:

- Que a aptitude do alumno sexa positiva, algo que conseguiremos facéndolle ver que o que todo o que están a facer ten un sentido, é dicir, que existe unha razón, unha finalidade, así como fomentando o bo clima de clase, a autoconfianza, etc.
- Que o que ensinemos presente unha estrutura con lóxica dentro da materia, enfocando o traballo de maneira globalizadora.
- Que as novas aprendizaxes se relacionen cos coñecementos previos, é dicir, os contidos deben ter significatividade psicolóxica.
- Que sexan conscientes da importancia do estudo individual (moi importante), fomentando o interese e o respecto polo hábito de ese estudo e ensinándolles a maneira de que ese tempo sexa eficiente e productivo.

2. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A vía para o tratamento da diversidade é a adaptación curricular. Conxunto de accións dirixidas a adecuar o currículo ás necesidades dun alumno ou grupo determinado. Dependendo das circunstancias que se presenten no aula, o profesor poderá expor as seguintes estratexias:

- Adaptación do material didáctico.
- Variacións na metodoloxía, para adaptala ás necesidades de cada alumno.
- Actividades de traballo diferenciadas. O profesor faría unha análise dos contidos da materia e prepara actividades con distinto nivel de dificultade que permitan tratar estes mesmos contidos con esixencias distintas.
- Organizar o traballo de forma flexible e con ritmos distintos de aprendizaxe.
- Acelerar ou frear o ritmo de introdución de novos contidos adaptándose individualmente ao alumno.

A adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar os mínimos exixibles fixados na programación.

A atención á diversidade é un indicador positivo dentro da saúde do noso sistema educactivo, xa que é un sistema que pretende dar resposta a todos os nenos e nenas con deficiencias a nivel persoal e con características cognoscitivas por encima da media, é un sistema educativo que se acerca ás necesidades reais propias da educación. Esta programación didáctica intentará establecer os instrumentos necesarios, en consonancia cos outros documentos do centro, para lograr unha educación musical comprensiva e de calidade.

3. TEMAS TRANSVERSAIS

Na nosa materia trátanse tamén esta serie de elementos transversais que son os que abordaremos desde cada unha das diferentes disciplinas que completan o currículo das ensinanzas de réxime especial de música, estes nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

3.1. EDUCACIÓN EN VALORES

O desenvolvemento integral do alumno non debe estar limitado á adquisición de conceptos e coñecementos académicos vinculados exclusivamente a cada unha das súas áreas, senón que debe formar aos alumnos para integrarse na sociedade actual, sabendo responder de maneira adecuada aos problemas que esta sociedade implica.

Esta formación, que non está definida en ningunha das áreas, debe estar presente na aula de forma permanente, e maniféstase a través do que coñecemos como temas transversais.

A forma na que entendemos o tratamento destes temas transversais fica reflectida nos obxectivos seguintes:

- Educación para a paz.
 - Adestrarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.
- Educación moral e cívica.
 - Participar en tarefas comúns, mostrando actitudes de colaboración e respecto polas opinións e propostas alleas.
 - O respecto pola autonomía dos demais.
- Educación para a igualdade entre os sexos.
 - Desenvolver a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
 - Analizar criticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Educación para a saúde, (postural, auditiva).
 - Proporcionar un contexto adecuado para realizar unha valoración crítica de determinados hábitos relacionados coa saúde.
- Educación para o consumidor.
 - Crear unha conciencia de consumidor responsábel que se sitúa criticamente ante o consumismo e a publicidade.

Desde a música, moitos destes temas poden tratarse propoñendo actividades que se desenvolvan en grupo, xa que estas favorecen a comunicación dos alumnos e fomentan actitudes de convivencia.

Ademais, na música pódense tratar contidos relacionados directamente coa saúde (o uso adecuado do corpo á hora de tocar o instrumento precisa dun coñecemento e coidado do mesmo, especialmente ante problemas habituais na adolescencia. Tratar temas que relacionados directamente coa paz (o coñecemento da música de outras culturas aumenta o respecto cara estas, comprendendo que o mundo non é só a música e culturas occidentais, nin as súas visións). Tratar temas relacionados coa educación para o consumidor, onde se pode analizar o mercado musical, os prezos dos cd's, o pirateo, a vulneración dos dereitos de propiedade intelectual. Tratar o uso da música nas publicidades, nos grandes almacéns, así como o efecto que pode producir no consumidor, cara quen vai dirixido.

3.2. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC'S)

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non poda ser complementado cos recursos tecnolóxicos dos que dispoñemos, así como, permitindo unha formación moito máis completa que posibilita unha renovación na pedagogía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.

Dende a materia de gaita utilizaremos estas novas tecnoloxías sobre todo grabación en vídeo e audio, ordenadores con software de música (grabadores, editores de audio/vídeo, editores de partituras, etc.) internet e bases de datos, youtube, correo electrónico, redes sociais de difusión de contidos, multitude de ferramentas virtuais que existen e todas as posibilidades que se nos ofrecen hoxe en día tanto dende o propio centro como desde as posibilidades particulares de cada un.

- Programas informáticos:
 - Sibelius, Encore, Finale, etc.
- O portal do centro para comunicación á comunidade escolar e ao alumnado da materia das actividades programadas, audicións, eventos, etc.
- Búsqueda de información, elaboración de traballo, etc.
- Uso de software para transcripción musical.
- Traballos en Powerpoint ou similares.
- Programas de edición de partituras, edición de audio.

4. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSIANZAS

Unha actividade pedagóxica moderna non pode quedar reducida ao ámbito da aula, aínda sendo este o espazo central do proceso educativo. Este traballo pode verse complementado por outras tarefas realizadas noutros espazos do propio centro ou doutras entidades colaboradoras.

Estas actividades están orientadas a superar o marco tradicional das clases de instrumento, complementándoas con actividades o máis variadas posibles que poñan en contacto os nosos alumnos coa realidade musical nun senso máis amplo, permitíndolles conectar esta realidade coa sociedade e a cultura do noso tempo.

Para que estas actividades teñan o máximo proveito, deben relacionarse có proceso xeral de aprendizaxe en resposta a unha adecuada planificación.

Clasificación das actividades:

- Organizadas polo departamento:
 - Audicións de alumnos dos distintos profesores do departamento seguidas de comentarios colectivos de profesores e alumnos sobre as mesmas. Fomentarase a crítica construtiva e evítanse comentarios de mal gusto. O obxectivo será aprender colectivamente dos erros e das virtudes dos alumnos e ao mesmo tempo servirá como exemplo de colaboración entre os profesores do departamento para compartir ideas e achegar solucións conxuntas aos problemas que tiveron os alumnos nas súas actuacións.
 - Concerto de apertura do Curso Académico: farase ao inicio do curso.
 - Concertos Benéficos: en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recaudación de donativos. Así mesmo, intentaremos celebralos fóra do centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible do evento.
 - Ciclos de concertos, como por exemplo o Ciclo de Primavera onde cada ano se poderá convidar a solistas e agrupacións externas, así como, a participación dalgún membro do claustro escolar.
 - Concerto de Fin de Curso.
 - Ciclo de graduación: sería para o alumnado que remate os estudos do 4º curso do grao elemental e o 6º curso de grao profesional.
 - Ademais das actividades que se realicen no seo do propio centro, intentarase celebrar tamén concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección da nosa tarefa académico-profesional.

5. SECUENCIACIÓN DO CURSO

A continuación, desenvólvese a programación didáctica de Música Tradicional de 6º curso do grao profesional.

5.1. ► CURSO: 6º DE GRAO ELEMENTAL

5.1.1. Obxectivos

- Coñecer a música tradicional nas súas diferentes manifestacións e expresións.
- Facer apreciar e valorar tódalas manifestacións musicais de tradición oral como parte do noso patrimonio cultural, facendo ver a súa amplitude e diversidade, así como a súa función social.
- Comprender a importancia da música e a danza popular como sinal de identidade dun pobo
- Coñecer as fontes para o estudo da música tradicional e popular galega e recoñecelas.
- Proporcionar unha aproximación á historia da música tradicional en Galicia, incidindo nas fontes impresas e fonográficas como parte substancial do patrimonio musical galego.
- Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega con vistas a ampliar a concepción sobre a riqueza desta música.
- Coñecer os principais instrumentos da música tradicional galega, o seu funcionamento a nivel morfolóxico e as súas capacidades a nivel funcional, incluíndo os grupos e repertorios máis habituais.
- Participar como instrumentista en diversas actividades prácticas con repertorios dos estudados ao longo do curso, coa finalidade de manexar os parámetros formais que caracterizan a música tradicional galega.
- Contribuír á formación de criterios propios no alumnado á hora de estudar as diferentes manifestacións musicais, así como culturais, propias de Galicia e valoralas asumindo un rol activo na súa investigación.
- Coñecer as pautas básicas do traballo de campo.

5.1.2. Contidos

- Os festivais e concertos máis importantes da música tradicional galega.
- Os museos de instrumentos tradicionais.
- Os luthiers. Valoración do seu traballo de investigación en construción.
- Organoloxía: Estudo descriptivo do instrumentarium da música tradicional galega.
- Os instrumentos populares: recoñecemento, visual e tímbrico. Clasificación.
- Comprensión da obra musical tradicional e/ou popular como manifestación cultural producida nunha situación concreta, valorando a contribución e presenza da música en tódolos fenómenos cotiáns propios do noso pobo.
- Valoración da música popular como sinal de identidade.
- As grabacións históricas e os cancioneros populares.
- Intérpretes significativos
- Agrupacións instrumentais tradicionais: cuartetos, murgas, charangas, etc.
- O traxe.
- As danzas gremiais: vestiario, descrición e función social.

- Actitude aberta ante as manifestacións folclóricas de calquera índole pertencentes á tradición en Galicia.
- O traballo de campo. Pautas básicas para a súa realización.
- Historia da música tradicional galega: os precursores. Fontes: cancioneros e rexistros fonográficos.
- Franquismo. A sección feminina.
- Nacemento e desenvolvemento do folk.
- Práctica de música tradicional no instrumento principal ou con instrumentos tradicionais.
- Organoloxía: a gaita. Funcionamento, descripción e tipos. A percusión. Outros instrumentos. As agrupacións tracionais galegas.

5.1.3. Avaliación

En termos xerais, as avaliacións faránse con un carácter que será eminentemente formativo co fin de descubrir as dificultades no momento que se produzan ofrecendo así as medidas de reforzo que procedan en calquera momento do curso.

Criterios de avaliación

- Clasificar correctamente os instrumentos populares.
- Diferenciar visual e tímbricamente os instrumentos tradicionais.
- Recoñecer os principais cancioneros.
- Realizar un pequeno traballo de campo, individual ou en grupo.
- Participar activamente na clase
- Utilizar unha linguaxe axeitada na descripción das distintas prendas e tecidos do traxe galego, tanto do masculino como do feminino.
- Recoñecer os principais intérpretes e agrupacións ao longo da historia.
- Recoñecer a través da análise, auditiva e visual, as características básicas das diversas fontes que conforman o patrimonio da música tradicional galega.

Mínimos esixibles

Para superar o curso o alumno terá que:

- Coñecer os principais xéneros da música tradicional galega con vistas a ampliar esa concepción sobre a riqueza desta música.
- Proporcionar unha aproximación á historia da música tradicional en Galicia, incidindo nas fontes impresas e fonográficas como parte substancial do patrimonio musical galego.
- Participar como instrumentista en diversas actividades prácticas con repertorios dos estudados ao longo do curso, coa finalidade de manexar os parámetros formais que caracterizan a música tradicional galega.

Procedementos e ferramentas de avaliación

- **Inicial:** Establécese este tipo da avaliación para concretar as características dos nosos alumnos, así como para detectar, nos casos que así se precisase, as posibles carencias ou problemas que poida ter o alumno, para así poder resolver no menor tempo posible e da forma mais axeitada.
- **Continua:** Establécese este tipo da avaliación como seguimento habitual do alumnado, ao longo de todo o curso académico, aportando ao alumno a posibilidade de progresar no tempo,

favorecendo así unha aprendizaxe integradora.

- **Final ou sumativa:** Dada a necesidade de emitir unha nota ao termo de cadanseu trimestre, así como ao final do curso académico, establécese este tipo da avaliación que nos aportará a información necesaria á hora de concretar que obxectivos e en que grao se obtiveron.

Para poder levar a bo termo os distintos tipos de avaliación establecidos no apartado anterior, o profesor dispón de distintos procedementos ou ferramentas que deberá empregar (do xeito que considere oportuno para cada caso) á hora de determinar a consecución de obxectivos por parte dun alumno.

Esta serie básica de **ferramentas de avaliación** sería:

- Avaliación continua do traballo na aula
- Probas escritas.
- Avaliación de traballos realizados polo alumno.
- Exposición oral de traballos realizados.
- Participación en debates, foros, etc.

Criterios de cualificación

Ponderarase da seguinte maneira para a cualificación dos alumnos:

- Integración e/ou participación do alumno nas actividades do departamento.
- Traballo diario nas aulas.
- Capacidade interpretativa do repertorio proporcionado na materia.
- Asistencia e puntualidade.

5.1.4. Medidas de recuperación

O alumno terá dereito a facer un exame no mes de Xuño.

O profesor realizará un exame teórico, así como un exame interpretativo. O repertorio esixido quedará ao criterio do mesmo de acordo coa programación correspondente e previo acordo co alumno/a.

A nota resultante será a que figure como cualificación final da materia no curso na convocatoria de Xuño.

Procedementos de recuperación ordinarios

O proceso de recuperación comporta a realización de probas específicas, pero sobre todo, unha observación das actividades cotiás, que se realizan ao longo do curso para detectar problemas e establecer medidas para solucionarlos.

É fundamental valorar tanto os procedementos, como as actitudes, así como o conceptos que se van adquirindo.

Este procedemento de recuperación consistirá nunha proba teórica escrita, que tratará dos contidos traballados ao longo do curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Tamén se fará unha proba de interpretación dos contidos traballados ao longo do curso

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Unha obra escollida polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.

Probas extraordinarias de Xuño

Segundo o disposto nas Instrucións da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional para a aplicación do calendario do curso 2021/2022, as probas extraordinarias de Setembro pasan a celebrarse no mes de Xuño.

Este procedemento de recuperación consistirá nunha proba teórica escrita, que tratará dos contidos traballados ao longo do curso. Nela terá que demostrar acadados os obxectivos reflectidos nesta programación.

Tamén se fará unha proba de interpretación das obras traballadas ao longo do curso

Deberá interpretar:

- Unha obra escollida por el, que será tocada de memoria.
- Unha obra escollida polo profesor.
- Unha obra escollida por sorteo.

5.1.5. Recursos didácticos

▶ A nivel alumno:

- Gaita.
- Caderno pautado

▶ A nivel centro:

- Aula insonorizada dotada de piano, equipo de audio e lousa pautada.

▶ A nivel mestre:

- Material audiovisual libros e partituras.

6. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que *“(a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa(...))”* este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso) da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e trataráse nas diferentes reunións periódicas que se desenvolven no departamento, quedando constancia na acta as desviacións e modificacións que se acorden. Estas ideas e propostas de mellora incluíránse na memoria final do departamento, servíndo de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso se procede.

Por outra banda a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que tódalas programacións didácticas dos distintos departamentos teñan coherencia secuencial entre todas elas, indicando, se é o caso, tódalas modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

Dende o departamento de Música Tradicional para avaliar a nosa programación teremos en conta os seguintes aspectos.

- **Obxectivos:** adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro
- **Contidos:** validez na súa elección con respecto aos obxectivos plantexados e adecuación a nivel alumnado.
- **Actividades:** atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe.
- **Criterios metodolóxicos:** A adecuación e coherencia dos mesmos.
- **A avaliación:** comprobarase a idoneidade e a adecuación entre criterios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos.
- **Alumnado:** A relación co alumnado, ademáis do clima de convivencia e traballo.

7. PROCEDEMENTOS PARA REALIZAR A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Do mesmo xeito que se indíca no punto anterior, a avaliación do labor docente é un, dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será función do profesorado realizar a análise dos datos que se obteñan trala avaliación do alumnado e da programación didáctica, para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas e así, mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos directos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataráanse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, non descoidando aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento cos que ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.